

# Programación de Animación Sociocultural

## Centros de Convivencia Municipais



Outono 2010 - 1º Semestre 2011





## Concello de Lugo

Concellería de Benestar Social  
e Igualdade



José López Orozco  
*Alcalde de Lugo*



Carmen Basadre Vázquez  
*Concelleira de Benestar Social e igualdade*

O Concello de Lugo non quere que ningunha persoa lucense que o desexe quede sen a posibilidade de aprender habilidades ou de practicar actividades psicofísicas no seu tempo de ocio.

Por este motivo, a Concellería de Benestar Social e Igualdade organiza unha nova edición do programa de actividades para o curso 2010-2011 que vos presentamos hoxe. Con este amplo e variado programa de actividades, queremos que todos e todas teñades as alternativas de ocio que vos sexan máis acaídas.

O obxectivo que perseguimos dende o goberno local é que todos e todas, nenos e nenas e maiores, veciños e veciñas dos distintos puntos do concello, teñades a oportunidade de gozar destas actividades.

Os centros de convivencia municipais, aos que se vén sumar este ano o María Balteira, presentan un amplo programa de actividades para que cadaquén escolla o que máis lle axude ao seu desenvolvemento persoal.

A Rede Municipal de Centros de Convivencia cumpre así co seu cometido de ser lugar de xuntanza e de dinamización social ao promover as relacións humanas, facilitar a aprendizaxe e dar alternativas saudables de ocio a todos os veciños e veciñas.

E tamén o Concello cumpre a súa obriga de traballar pola igualdade de oportunidades que sempre será obxectivo irrenunciábel para este equipo de goberno.

Un saúdo,

José López Orozco  
*Alcalde de Lugo*

Carmen Basadre Vázquez  
*Concelleira de Benestar Social  
e igualdade*



# Condicións Xerais

## ■ Persoas destinatarias:

As actividades dirixense a todas as persoas debidamente **empadroadas** no noso Concello. Resérvase un máximo dun 40% das prazas para aquelas con diversidade funcional e outros colectivos de usuarias e usuarios dos servizos sociais de atención primaria, tras a derivación da/o profesional dos Servizos Sociais de Atención Primaria que corresponda.

## ■ Prazo de inscrición:

**DO 13 AO 17 DE SETEMBRO DE 2010**, EN HORARIO DE MAÑÁ, DAS 09:00 ÁS 13:00 HORAS, E DE TARDE, DAS 17:00 ÁS 19:00 HORAS.

As actividades desta programación desenvolveranse a partir do día **14 de outubro de 2010** (incluído). O remate delas é variable, en función do número de horas de cada un dos obradoiros e actividades programadas en cada centro de convivencia municipal. **Non obstante, a data última será o 31 de maio de 2011.**

## ■ Duración:

Establécense dous períodos de vacacións, o primeiro entre o **20 de decembro de 2010 e o 9 de xaneiro de 2011 (Nadal)**, agás no Centro de Convivencia de Fingoi, que será ata o 16 de xaneiro por mor das "VIII Xornadas de achegamento ao tear tradicional e á artesanía da la", que se desenvolverán entre os días 10 e 14 ambos os dous incluídos, e o segundo entre os días **18 de abril e 24 de abril (Semana Santa)**, estas datas incluídas.

## ■ Tramitación:

As solicitudes presentaranse nos centros de convivencia municipais onde se realizan as actividades, cubrindo o boletín de inscrición que se facilitará para estes efectos (un por cada obradoiro ou actividade) ou ben achégandolle os datos á persoa que os estea recollendo informaticamente. Neste caso facilitaráselles un exemplar de ficha igual á que figurará nos arquivos do centro, como xustificante de inscrición, e para que fagan efectivo o pagamento correspondente, se é o caso.

Para formalizar as inscricións, será necesario achegar o **DNI/NIF/PASAPORTE OU PERMISO DE CONDUCIR (orixinal ou fotocopia compulsada)** da persoa solicitante (ou representante legal no caso de menores).

**As persoas solicitantes, tanto adultas e adultos como nenas e nenos, deberán estar empadroadas/os neste concello como mínimo 4 días antes da data na que se inscriban nas actividades.**

Non se admitirán solicitudes para dúas actividades similares (grupos A e B, iniciación e perfeccionamento, mañá e tarde...) no mesmo centro.

Só é posible presentar TRES solicitudes por persoa e por cada centro de convivencia municipal.

As prazas adxudicaranse por **SORTEO PÚBLICO**, que terá lugar en cada un dos centros sociais municipais o día **24 de setembro**, nos seguintes horarios:

- **Centro de convivencia Fingoi:** ás 09:00 horas

- **Centro de convivencia Maruja Mallo:** ás 10:00 horas

- **Centro de convivencia Uxío Novoneyra:** as 11:00 ás horas

- **Centro de convivencia Milagrosa:** ás 12:00 horas

- **Centro de convivencia Lamas de Prado:** ás 13:00 horas

- **Centro de convivencia Sagrado Corazón:** ás 14:00 horas

- **Centro de convivencia María Balteira:** 27 setembro ás 9:00 horas

Para a celebración do sorteo utilizarase un programa informático, sorteándose cada unha das actividades e das prazas por separado do xeito a seguir:

- Por cada obradoiro sortearase o número de prazas que este teña programadas (quinze, vinte, trinta ou as que procedan), así como as listas de reserva.

- Se unha persoa resulta **admitida** nun obradoiro nun centro de convivencia determinado e teña presentada solicitude noutros centros para un do mesmo contido (por exemplo: ximnasia no CSM da Milagrosa) automaticamente **queda excluída do sorteo** que se celebre **nos demais centros** (para ese obradoiro concreto -ximnasia-, nas diversas modalidades de bioximnasia, ximnasia A, ximnasia para maiores...). Igualmente, quen estea **admitida/o** nun obradoiro nun centro de convivencia quedará automaticamente **eliminada/o da reserva** no mesmo obradoiro nos demais centros.

**Non é posible, polo tanto, acudir ao mesmo obradoiro en distintos centros, nin tampouco obter praza en máis de tres nel** (agás no caso de existir prazas vacantes unha vez rematado todo o proceso de inscrición e non haber persoas en lista de reserva).

Unha vez efectuado o **SORTEO** das prazas, a partir do mesmo día 24, expoñeranse nos taboleiros dos centros de convivencia municipais as listas provisionais coas persoas admitidas en cada obradoiro, así como a correspondente lista de reserva.

As persoas que obteñan praza nun obradoiro con cota deberán efectuar o seu ingreso entre os días **24 e 29 de setembro (ambos os dous incluídos)** na entidade financeira de Caixa Galicia, no número de conta que figura no boletín de inscrición,

**E ACHEGAR O XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO AO CENTRO DE CONVIVENCIA (COMO MÁXIMO O 30 DE SETEMBRO). DE NON O FACER, ENTENDERASE QUE SE RENUNCIA Á PRAZA. SE A ACTIVIDADE É SEN COTA, NESTE MESMO PRAZO COMUNICARASE, SE É O CASO, A RENUNCIA**

Transcorrido este prazo, e de existir baixas por renuncia ou por falta de ingreso da cota, publicaranse o día **7 de outubro** as listas definitivas, nas que se incluírán, de ser o caso, as novas persoas admitidas procedentes da lista de reserva. Estas persoas disporán dos días **7 e 8 de outubro** para efectuar o ingreso da cota correspondente e facer entrega do resgardo no respectivo centro de convivencia municipal.

A falta de presentación do xustificante de pagamento implica a baixa no proceso de solicitude de praza. Do mesmo xeito, aquelas persoas inscritas que vaian causar baixa terán a obriga de comunicalo antes do comezo do obradoiro correspondente.

Esgotada a lista de reserva dun obradoiro, as vacantes que se produzan cubriranse a medida que se reciban as novas solicitudes.

A lista de reserva terá vixencia ata o **20 de decembro**, data en que se cubrirán todas as prazas polo sistema de nova demanda.

As persoas que se incorporen a un obradoiro de pago unha vez iniciado este, aboarán a cota que lles corresponda en función das horas que resten ata a finalización del.

## ■ Asistencia:

Aquelas persoas que acumulen o **15% de faltas de asistencia sen xustificar** ante o responsable municipal da programación causarán baixa na actividade.

**NON SE REINTEGRARÁ O IMPORTE DA COTA DE INSCRICIÓN, AGÁS NO SUPUESTO DE QUE A ACTIVIDADE SE SUSPENDA POR INICIATIVA DO CONCELLO. RECORDÁMOSLLES, POLO TANTO, QUE COMPROBEN SE A SÚA ACTIVIDADE TEN OU NON COTA.**

**NON SE CONSIDERARÁ FALTA XUSTIFICADA O FEITO DE DESENVOLVER UN TRABALLO A QUENDAS.**

O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE SUPRIMIR AS ACTIVIDADES SE NON SE ACADA UN NÚMERO MÍNIMO DE SOLICITUDES. ASÍ MESMO, O CONCELLO RESÉRVASE O DEREITO DE UNIFICAR GRUPOS SIMILARES NO CASO DE ASISTENCIA INSUFICIENTE, PERMANECENDO AQUEL QUE REXISTRE UN NÚMERO MAIOR DE SOLICITANTES.

OS PARTICIPANTES EN CALQUERA DAS ACTIVIDADES DESTA PROGRAMACIÓN RESPONSABILÍZANSE DE SELECCIONAR AQUELAS ACORDES COAS SÚAS CAPACIDADES PSICOFÍSICAS. EN CASO CONTRARIO, E DE PRODUCIRSE CALQUERA TIPO DE DANO, SERÁ BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE.

En canto ás/aos menores de idade que asistan a actividades no centro de convivencia, estarán baixo a responsabilidade exclusiva das súas nais/pais/titoras ou titores, encargadas/os de achegalas/os e recollelas/os á hora de comezo e de remate da actividade da que se trate.

## ■ Aulas abertas:

As aulas abertas no referido a inscricións seguirán a seguinte pauta:

### Nenas/os

Establécese esta orde de prioridade:

1. Empadroadas/os no Concello de Lugo.
2. Derivadas/os polo servizo.
3. Outras/os, sempre e cando queden prazas vacantes.

### Adultas/os

Establécese esta orde de prioridade:

1. Empadroadas/os no Concello de Lugo
2. No caso de existir vacantes realizarase unha valoración por parte do animador/a ou do técnico responsable do servizo.

# Centro de Convivencia de Fingoi



## LOCALIZACIÓN DO CENTRO:

R/Aviación Española, 22-24  
Teléfonos 982 297 455 / 982 297 456  
Fax 982 297 457  
27002 LUGO

## HORARIO:

De luns a venres, das 8:30 ás 14:30 h,  
e das 16:00 ás 22:00 h  
Sábados e domingos, das 9:30 ás 13:30 h,  
e das 16:30 ás 21:30 h



## SERVIZOS ESPECÍFICOS:

- Axencia de lectura
- Salón de actos con capacidade para 140 persoas con cabina de proxección de audiovisuais
- Vestíbulo
- Unha sala para actividades psicofísicas
- Aula de seminarios con capacidade para 50 persoas
- Dúas salas polivalentes para obradoiros e outras actividades, unha delas dedicada temporalmente a obradoiro de tear tradicional
- Sala polivalente C para pequenas exposicións, reunións e obradoiros
- Sala de vídeo con capacidade para 30 persoas
- Cafetería




# Obradoiros para persoas adultas

## FOTOGRAFÍA

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Mozas/os e persoas adultas  
Horario : Xoves, das 19:30 ás 21:00 horas  
Duración : Do 14 de outubro ao 26 de maio (42 horas)  
Cota : 16,8 €



## DESCUBRINDO GALICIA

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Persoas adultas  
Horario : Martes, das 11:30 ás 13:00 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 31 de maio (37 horas e 30 minutos)  
Cota : Gratuíta

## BUSCA DE INFORMACIÓN NA REDE INTERNET -INICIACIÓN-

8  
PRAZAS

Destinatarios/as : Adultas/os (terán preferencia as persoas usuarias da axencia de lectura)  
Horario : Martes, das 20:00 ás 21:30 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 22 de febreiro (25 horas)  
Cota : 10 €

## ADESTRAMENTO DA MEMORIA -INICIACIÓN-

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Persoas maiores  
Horario : Luns e mércores, das 11:30 ás 12:30 horas  
Duración : Do 18 de outubro ao 30 de maio (50 horas)  
Cota : Gratuíta

## ADESTRAMENTO DA MEMORIA

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Persoas maiores  
Horario : Luns e mércores, das 12:30 ás 13:30 horas  
Duración : Do 18 de outubro ao 30 de maio (50 horas)  
Cota : Gratuíta

## ENCAIXE DE PALILLOS

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Martes, das 16:30 ás 18:30 horas  
Duración : Do 8 de novembro ao 10 de maio (42 horas)  
Cota : 16,8 €

## ENCADERNACIÓN ARTESANAL E RESTAURACIÓN DE LIBROS

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Adultas/os  
Horario : Venres, das 19:30 ás 21:0 horas  
Duración : Do 5 de novembro ao 15 de abril (24 horas)  
Cota : 9,6 €

## LABORES: GANCHO, BORDADO E OUTROS

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Mozas/os e persoas adultas  
Horario : Mércores, das 18:30 ás 20:00 horas  
Duración : Do 3 de novembro ao 25 de maio (36 horas)  
Cota : 14,4 €

## INICIACIÓN AO TEAR TRADICIONAL, DE ALTO LIZO E MACRAMÉ (A)

12  
PRAZAS

Destinatarios/as : Mozas/os e persoas adultas (só principiantes)  
Horario : De luns a xoves, das 18:00 ás 20:00 horas  
Reunión preparatoria : 18 de outubro, ás 18:00 horas  
Duración : Do 2 ao 25 de novembro (30 horas)  
Cota : 12 €

## INICIACIÓN AO TEAR TRADICIONAL, DE ALTO LIZO E MACRAMÉ (B)

12  
PRAZAS

Destinatarios/as : Mozas/os e persoas adultas (só principiantes)  
Horario : De luns a xoves, das 18:00 ás 20:00 horas  
Reunión preparatoria : 4 De abril, ás 18:00 horas  
Duración : Do 26 de abril ao 24 de maio (30 horas)  
Cota : 12 €

## PINTURA AO ÓLEO

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Xoves, das 10:00 ás 11:30 horas  
Duración : Do 14 de outubro ao 26 de maio (42 horas)  
Cota : 16,8 €

## ÓLEO CREATIVO

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Xoves, das 18:00 ás 19:30 horas  
Duración : Do 14 de outubro ao 26 de maio (42 horas)  
Cota : 16,8 €



## DEBUXO ARTÍSTICO

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Mozas/os e persoas adultas  
Horario : Luns, das 19:30 ás 21:00 horas  
Duración : Do 18 de outubro ao 30 de maio (36 horas)  
Cota : 14,4 €

## CESTERÍA -INICIACIÓN-

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Martes, das 10:00 ás 11:30 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 31 de maio (37 horas e 30 minutos)  
Cota : 15 €

## TRABALLOS MANUAIS

15  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Luns, das 10:30 ás 12:00 horas  
Duración : Do 18 de outubro ao 30 de maio (36 horas)  
Cota : 14,4 €

## RISOTERAPIA

30  
PRAZAS

Destinatarios/as : Mozas/os e adultas/os  
Horario : Mércores e venres, das 20:00 ás 21:00 horas  
Duración : Do 9 de febreiro ao 27 de maio (30 horas)  
Cota : 12 €

## AUTOPROTECCIÓN: DEFENSA PERSOAL

20  
PRAZAS

Destinatarios/as : Mozas/os e adultas/os  
Horario : Martes e xoves, das 20:00 ás 21:00 horas  
Duración : Do 26 de outubro ao 10 de marzo (30 horas)  
Cota : 12 €

## BAILES DE SALÓN

30  
PRAZAS

Destinatarios/as : Mozas/os e adultas/os  
Horario : Luns, das 20:00 ás 21:30 horas  
Duración : Do 18 de outubro ao 14 de febreiro (18 horas)  
Cota : 7,2 €

## DANZAS: DANZA DO VENTRE...

30  
PRAZAS

Destinatarios/as : Mozas/os e persoas adultas  
Horario : Luns, das 20:00 ás 21:30 horas  
Duración : Do 21 de febreiro ao 30 de maio (18 horas)  
Cota : 7,2 €

## TAI CHI PARA MAIORES

30  
PRAZAS

Destinatarios/as : Maiores de 50 anos  
Horario : Martes e xoves, das 17:15 ás 18:15 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 24 de maio (50 horas)  
Cota : 20 €

## XIMNASIA

30  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Martes e xoves, das 9:30 ás 10:30 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 24 de maio (50 horas)  
Cota : 20 € (Gratuíta a partir de 65 anos)

## BIOXIMNASIA

30  
PRAZAS

Destinatarios/as : Persoas maiores  
Horario : Martes e xoves, das 10:30 ás 11:30 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 24 de maio (50 horas)  
Cota : 20 € (Gratuíta a partir de 65 anos)

# Obradoiros para nenas/os

## EXPRESIÓN CORPORAL E INICIACIÓN AO TEATRO

12  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 8 a 13 anos
Horario	Venres, das 18:00 ás 19:00 horas
Duración	Do 15 de outubro ao 27 de maio (28 horas)
Cota	11,2 €

## PINTURA CON DIVERSAS TÉCNICAS

12  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 4 a 7 anos
Horario	Sábados, das 10:30 ás 11:30 horas
Duración	Do 16 de outubro ao 28 de maio (27 horas)
Cota	10,8 €

## A HORA DO CONTO -NA AXENCIA DE LECTURA

12  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 4 a 7 anos
Horario	Sábados, das 11:30 ás 12:30 horas
Duración	Do 16 de febreiro ao 28 de maio (27 horas)
Cota	10,8 €

## INÍCIOME NOS XOGOS DE MESA: PARCHÍS, XADREZ...

12  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 6 a 10 anos
Horario	Sábados, das 11:30 ás 12:30 horas
Duración	Do 16 de outubro ao 12 de febreiro (14 horas)
Cota	5,6 €

## XOGOS COOPERATIVOS: DESCUBRÍMOS O SEU VALOR

12  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 6 a 10 anos
Horario	Sábados, das 11:30 ás 12:30 horas
Duración	Do 19 de febreiro ao 28 de maio (13 horas)
Cota	5,2 €

## TEARES E MACRAMÉ

12  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 8 a 13 anos
Horario	Sábados, das 10:30 ás 11:30 horas
Duración	Do 16 de outubro ao 28 de maio (27 horas)
Cota	16,8 €

# Actividades socioculturais de carácter aberto

- **Aulas abertas** (para persoas adultas) que servirán para poñer en práctica distintas manifestacións artísticas xa aprendidas. Terán preferencia á hora de participar aquelas persoas, xa iniciadas nas materias, que non obtivesen praza nos obradoiros de igual temática.

No Centro de Fingoi haberá unha aula aberta de traballos manuais, outra de cestería e unha derradeira de tear tradicional, de alto lizo e macramé.

a) **Aula aberta de cestería** (de nova creación), os martes, das 11:30 ás 12:30 h, comezando o 19 de outubro ata o 31 de maio. A monitora/monitor acudirá ao centro en días alternos e o resto dos martes poderán utilizar o local da clase durante as dúas horas de igual xeito. A matrícula, co fin de que o nº de persoas non exceda de 20, será do **14 de outubro** ata completar ese tope.

b) **Aula aberta de traballos manuais**, como viña sendo costume, todos os mércores, das 16:00 ás 18:00 h, dende o 20 de outubro até o 25 de maio, con monitora/monitor na primeira hora. A seguinte será libre. A matrícula, co fin de que o nº de persoas non exceda de 20, será do **14 de outubro** ata completar ese tope.

c) **Aula aberta de tear tradicional**, de alto lizo e de macramé, de luns a xoves, das 18:00 ás 20:00 h, do 14 de febreiro ao 14 de marzo. A matrícula, co fin de que o nº de persoas non exceda de 12, será do **24 de xaneiro** ata completar ese tope.

- Celebración do **Entroido**

- **II Edición de Fingoi coas letras** con motivo das Letras Galegas en colaboración coa Axencia de Lectura do Centro de C. Fingoi.

- **VIII Xornadas de Achegamento ao Tear Tradicional e á Artesanía da La** neste centro (do 10 ao 14 de xaneiro de 2011).

- **XII Xornadas de Artes Escénicas Fingoi 2011**, igualmente neste centro, coorganizadas co Colexio Fingoi, a Escola de Arte e Lecer e coa colaboración do grupo Palimoco Teatro. (Nos meses de maio-xuño de 2011). Inclúen representacións teatrais e outras manifestacións artísticas como danza, música, cine, etc., por e para escolares así como grupos afeccionados dos centros sociais municipais do Concello de Lugo e outros pertencentes a diferentes colectivos (Centro de Día do Hospital de S. Xosé, ONCE, Aulas de Teatro Municipal doutros concellos...).

- **Xornadas de clausura das actividades e exposición de traballos** (ao finalizar este período de obradoiros, na primeira ou segunda semana de xuño).

- Encontros, charlas, conferencias e mesas redondas sobre temas de actualidade ao longo da programación.

- Conmemoracións de datas sinaladas de sensibilización sociocultural.

- Actividades na fin de semana.

- Saídas culturais e excursións.

- Actividades de desenvolvemento comunitario en xeral.

- Outras actividades culturais e de lecer de carácter puntual.

**O programa que desenvolverá cada unha das actividades anteriores será publicado no seu momento.**



# Centro de Convivencia de Lamas de Prado



## LOCALIZACIÓN DO CENTRO:

R/aquilino Iglesia Alvariño, 6-baixo

Teléfono 982 297 450

Fax 982 297 451

R/ Díaz Castro, 6

Teléfono 982 216 746

R/ Trapero Pardo, 3-5

Teléfono 982 265 440

## HORARIO:

De luns a venres, das 8:30 ás 14:30 h,  
e das 16:00 ás 22:00 h

Sábados e domingos, das 9:30 ás 13:30 h,  
e das 16:30 ás 21:30 h

### Trapero Pardo

De luns a venres, das 10:00 ás 13:30 h,  
e das 16:30 ás 20:30 h

Sábados e domingos das 16:30 ás 20:30 h



## SERVIZOS ESPECÍFICOS:

- Dúas salas polivalentes para obradoiros e outras actividades, local de reunións, etc. (Local social Díez Castro)
- Salón de actos polivalente para obradoiros, xogos, actividades e exposicións. (Local social Díez Castro)
- Local social (R/ Trapero Pardo, 3-5)

# Obradoiros para persoas adultas

## TRABALLOS MANUAIS (A)

**15**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Xoves, das 16:30 ás 18:00 horas  
Duración : Do 13 de xaneiro ao 26 de maio (28 horas e 50 minutos)  
Cota : 11,40 €



## TRABALLOS MANUAIS (B)

**15**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Venres, das 11:30 ás 13:00 horas  
Duración : Do 15 de outubro ao 27 de maio (43 horas e 50 minutos)  
Cota : 17,40 €

## LABORES

**15**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Martes, das 10:30 ás 12:00 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 31 de maio (39 horas)  
Cota : 15,60 €

## PINTURA AO ÓLEO -INICIACIÓN-

**15**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Luns, das 11:00 ás 12:30 horas  
Duración : Do 18 de outubro ao 30 de maio (39 horas)  
Cota : 15,60 €

## MELLORAR A MEMORIA (A)

**15**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Persoas maiores  
Horario : Martes e venres, das 16:00 ás 17:00 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 13 de maio (50 horas)  
Cota : Gratuíta

## PINTURA AO ÓLEO -PERFECCIONAMENTO-

**15**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Mércores, das 10:00 ás 11:30 horas  
Duración : Do 20 de outubro ao 25 de maio (40 horas e 50 minutos)  
Cota : 16,20 €

## MELLORAR A MEMORIA (B)

**15**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Persoas maiores  
Horario : Martes e venres, das 12:00 ás 13:00 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 13 de maio (50 Horas)  
Cota : Gratuíta

## INICIACIÓN AO ENCAIXE DE PALILLOS

**10**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Luns, das 16:30 ás 18:30 horas  
Duración : Do 18 de outubro ao 23 de maio (50 horas)  
Cota : 20 €

## RELAXACIÓN

**25**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Luns e mércores, das 12:00 ás 13:00 horas  
Duración : Do 18 de outubro ao 18 de maio (50 horas)  
Cota : 20 €

## ENCAIXE DE PALILLOS

**10**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Martes, das 10:00 ás 12:00 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 24 de maio (50 horas)  
Cota : 20 €

## XIMNASIA (A)

**30**  
PRAZAS

Destinatarios/as : Toda a poboación  
Horario : Martes e xoves, das 9:30 ás 10:30 horas  
Duración : Do 19 de outubro ao 12 de maio (50 horas)  
Cota : 20 €

## XIMNASIA (B)

**30**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Martes e xoves, das 10:30 ás 11:30 horas
Duración	Do 19 de outubro ao 12 de maio (50 horas)
Cota	20 €

## COÍDO DA MIÑA SAÚDE

**15**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Persoas adultas
Horario	Venres, das 10:00 ás 11:30 horas
Duración	Do 15 de outubro ao 28 de maio (43 horas e 50 minutos)
Cota	Gratuíta

## RISOTERAPIA

**25**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Persoas adultas
Horario	Mércores, das 18:00 ás 19:00 horas
Duración	Do 20 de outubro ao 25 de maio (27 horas)
Cota	10,80 €

## TAI CHI

**20**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Maiores de 50 anos
Horario	Luns, das 18:30 ás 19:30 horas Venres, das 18:00 ás 19:00 horas
Duración	Do 18 de outubro ao 16 de maio (50 horas)
Cota	20 €

## BAILES DE SALÓN

**20**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Mércores, das 18:45 ás 20:15 horas
Duración	Do 20 de outubro ao 25 de maio (40 horas e 50 minutos)
Cota	16,20 €

## AUTOPROTECCIÓN

**20**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Venres, das 10:00 ás 11:00 horas
Duración	Do 15 de outubro ao 27 de maio (29 horas)
Cota	11,60 €

## INTRODUCCIÓN Á PERCUSIÓN

**15**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Mozas/os
Horario	Xoves, das 18:30 ás 20:00 horas
Duración	Do 21 de outubro ao 26 de maio (42 horas)
Cota	16,80 €

# Obradoiros para nenas/os

## INGLÉS PRÁCTICO E BÁSICO

**12**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 6 a 12 anos
Horario	Luns, das 17:30 ás 18:30 horas
Duración	Do 18 de outubro ao 30 de maio (26 horas)
Cota	10,40 €

## BAILE MODERNO

**12**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 6 a 15 anos
Horario	Mércores, das 17:45 ás 18:45 horas
Duración	Do 20 de outubro ao 25 de maio (27 horas)
Cota	10,80 €

## TRABALLOS MANUAIS

**12**  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 8 a 12 anos
Horario	Sábados, das 11:00 ás 12:00 horas
Duración	Do 16 de outubro ao 28 de maio (28 horas)
Cota	11,20 €

# Actividades socioculturais de carácter aberto

- **Aula aberta de óleo:** pensada para aquelas persoas xa iniciadas na actividade. Será os martes, en horario das 17:00 ás 19:00 h, e contará coa presenza dun monitor/a dúas horas ao mes.

Será preciso unha inscrición previa, de carácter gratuíta no horario habitual e ata cubrir prazas. No Centro de Convivencia Municipal informarase con máis precisión.

- Outra/s posible/s aulas abertas segundo demanda.

- **Bailes abertos as fins de semana.** No Local Social de Traperero Pardo os bailes son os mércores das 18:30 ás 20:30, e os domingos das 18 ás 20:30 horas.

No Centro de Convivencia Díaz Castro, os bailes son os sábados das 18:30 ás 20 horas.


**O programa que desenvolverá cada unha destas actividades será publicado no seu momento.**

# Centro de Convivencia María Balteira



## LOCALIZACIÓN DO CENTRO:

R/ Ángel Colocci, nº 19  
27003 LUGO



## HORARIO:

De luns a venres, das 9:30 ás 13:30 h,  
e das 16:00 ás 21:30 h

Sábados e domingos, das 10:00 ás 13:00 h,  
e das 16:30 ás 21:00 h

## SERVIZOS ESPECÍFICOS:

- Casa das linguas
- Salón de actos
- Cocíña
- Salas polivalentes
- Actividades especiais
- Español para personas extranxeiras e árabe

## Obradoiros para persoas adultas

### CASTELÁN PARA ESTRANXEIRAS/OS -INICIACIÓN-

10  
PRAZAS

**Destinatarios/as** Toda a poboación  
**Horario** Luns e mércores, das 10:00 ás 11:30 horas  
**Duración** Do 18 de outubro ao 30 de maio (76,5 horas)  
**Cota** Gratuíta

### CASTELÁN PARA ESTRANXEIRAS/OS - (A) MEDIO-

10  
PRAZAS

**Destinatarios/as** Toda a poboación  
**Horario** Martes e xoves, das 10:00 ás 11:30 horas  
**Duración** Do 14 de outubro ao 31 de maio (82,5 horas)  
**Cota** Gratuíta

### OBRADOIRO DE CONVERSA EN CASTELÁN PARAE ESTRANXEIROS

10  
PRAZAS

**Destinatarios/as** Toda a poboación  
**Horario** Martes, xoves, das 19:30 ás 20:30 horas,  
e venres, das 17:30 ás 18:30 horas  
**Duración** Do 14 de outubro ao 31 de maio (84 horas)  
**Cota** Gratuíta

### MEMORIA

15  
PRAZAS

**Destinatarios/as** Persoas maiores  
**Horario** Mércores, das 16:00 ás 17:30 horas  
**Duración** Do 27 de outubro ao 25 de maio (39 horas)  
**Cota** Gratuíto

### MUSICOTERAPIA

15  
PRAZAS

**Destinatarios/as** Toda a poboación  
**Horario** Venres, das 12:00 ás 13:30 horas  
**Duración** Do 22 de outubro ao 27 de maio (42 horas)  
**Cota** 16,80 €

### COCÍÑA CREATIVA

15  
PRAZAS

**Destinatarios/as** Toda a poboación  
**Horario** Luns, das 17:00 ás 18:30 horas  
**Duración** Do 18 de outubro ao 30 de maio (39 horas)  
**Cota** 15,60 €

## LABORES (costura, calceta, gancho...)

15  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Luns, das 18:30 ás 20:00 horas
Duración	Do 18 de outubro ao 30 de maio (39 horas)
Cota	15,60 €

## PRIMEIROS PASOS NA COCIÑA

15  
PRAZAS

Destinatarios/as	Rapaces/as a partir dos 14 anos
Horario	Mércores, das 17:00 ás 18:30 horas
Duración	Do 20 de outubro ao 18 de maio (39 horas)
Cota	15,60 €

## REPOSTERÍA

15  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Xoves, das 17:00 ás 18:30 horas
Duración	Do 21 de outubro ao 26 de maio (42 horas)
Cota	16,80 €

## GALEGO CELGA (axuda para preparación exames acreditación coñecemento da lingua galega)

10  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Martes e xoves, das 17:00 ás 18:00 horas
Duración	Do 19 de outubro ao 19 de maio (50 horas)
Cota	20 €

## INTRODUCCIÓN AO ÁRABE

15  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Martes e xoves, das 18:00 ás 19:00 horas
Duración	Do 19 de outubro ao 19 de maio (50 horas)
Cota	20 €

## XÍMNASIA (A)

30  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Luns e mércores, das 10:30 ás 11:30 horas
Duración	Do 25 de outubro ao 25 de maio (50 horas)
Cota	20 €

## XÍMNASIA (B)

30  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Luns e mércores, das 17:00 ás 18:00 horas
Duración	Do 25 de outubro ao 30 de maio (50 horas)
Cota	20 €

## LOGA

30  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Martes e xoves, das 11:30 ás 12:30 horas
Duración	Do 19 de outubro ao 12 de maio (50 horas)
Cota	20 €

## BAILE LATINO

30  
PRAZAS

Destinatarios/as	Maiores de 16 anos
Horario	Martes, das 19:00 ás 20:30 horas
Duración	Do 19 de outubro ao 31 de maio (39 horas)
Cota	15,60 €

## ÓLEO CREATIVO

15  
PRAZAS

Destinatarios/as	Toda a poboación
Horario	Mércores, das 12:00 ás 13:30 horas
Duración	Do 20 de outubro ao 25 de maio (39 horas)
Cota	15,60 €

# Obradoiros para nenas/os

## HÍP-HOP E BREAKDANCE

20  
PRAZAS

Destinatarios/as	Rapaces/as de 12 a 16 anos
Horario	Venres, das 19:00 ás 20:30 horas
Duración	Do 22 de outubro ao 29 de abril (36 horas)
Cota	14,40 €

## APOIO ESCOLAR

15  
PRAZAS

Destinatarios/as	Nenas/os de 6 a 12 anos
Horario	Mércores, das 18:30 ás 20:00 horas
Duración	Do 20 de outubro ao 25 de maio (39 horas)
Cota	Gratuíto



# Centro de Convivencia Maruja Mallo



## LOCALIZACIÓN DO CENTRO:

R/Carril das Hortas, s/n  
Teléfonos 982 297 505  
Fax 982 297 506  
27002 LUGO



## HORARIO:

De luns a venres, das 8:30 ás 14:30 h,  
e das 16:00 ás 22:00 h  
Sábados e domingos, das 9:30 ás 13:30 h,  
e das 16:30 ás 21:30 h

## SERVIZOS ESPECÍFICOS:

- Centro de día
- Aulas formativas (2)
- Aulas polivalentes (4): lectura, xogos de mesa, música, cine, karaoke, ximnasia, etc.
- Ocioteca
- Sala de exposicións
- Salón de actos
- Sala de lectura
- Taballadoras/es sociais, cordinadora SAF, SAD e Centros de día
- Servizo asesoría LGTB, mércores das 17:00 ás 21.00 h
- Servizo prevención das drogodependias

# Obradoiros para persoas adultas

## RISOTERAPIA

25  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores de 18 anos  
**Horario** : Martes, das 18:30 ás 19:30 horas  
**Duración** : Do 26 de outubro ao 31 de maio (25 horas)  
**Cota** : 10 €

## MEMORIA (A)

25  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores  
**Horario** : Martes e xoves, das 17:30 ás 18:30 horas  
**Duración** : Do 26 de outubro ao 24 de maio (50 horas)  
**Cota** : Gratuito

## MEMORIA (B)

25  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores  
**Horario** : Luns e mércores, das 12:00 ás 13:00 horas  
**Duración** : Do 25 de outubro ao 25 de maio (50 horas)  
**Cota** : Gratuito

## FORO LITERARIO

25  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores de 18 anos  
**Horario** : Luns, das 16:00 ás 19:00 horas  
**Duración** : 18 Outubro, 15 novembro, 13 decembro, 17 xaneiro, 14 febreiro, 14 marzo, 11 abril, 16 maio (24 horas)  
**Cota** : Gratuito

## PINTURA AO ÓLEO

15  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores de 16 anos  
**Horario** : Martes, das 12:00 ás 13:30 horas  
**Duración** : Do 19 de outubro ao 31 de maio (39 horas)  
**Cota** : 15,60 €

## QUIROMASAXE

15  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores de 18 anos  
**Horario** : Xoves, das 11:30 ás 13:00 horas  
**Duración** : Do 22 de outubro ao 26 de maio (42 horas)  
**Cota** : 16,80 €

## XIMNASIA E PSICOMOTRICIDADE

15  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores de 16 anos  
**Horario** : Luns e venres, das 11:00 ás 12:00 horas  
**Duración** : Do 29 de outubro ao 27 de maio (50 horas)  
**Cota** : 20 €

## FÍOS E TEAS

20  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Toda a poboación  
**Horario** : Luns, das 16:30 ás 18:00 horas  
**Duración** : Do 18 de outubro ao 30 de maio (39 horas)  
**Cota** : 15,60 €

## MAQUILLAXE

20  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores de 16 anos  
**Horario** : Xoves, das 19:00 ás 20:00 horas  
**Duración** : Do 21 de outubro ao 26 de maio (28 horas)  
**Cota** : 11,20 €

## HABILIDADES SOCIAIS

20  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Toda a poboación  
**Horario** : Mércores, das 17:30 ás 19:30 horas  
**Duración** : Do 27 de outubro ao 25 de maio (26 horas)  
**Cota** : Gratuito

## BAILE LATINO I

25  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores de 18 anos  
**Horario** : Mércores, das 20:30 ás 21:30 horas  
**Duración** : Do 27 de outubro ao 25 de maio (26 horas)  
**Cota** : 10,40 €

## BAILE LATINO II

25  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores de 18 anos  
**Horario** : Luns, das 20:30 ás 21:30 horas  
**Duración** : Do 25 de outubro ao 30 de maio (25 horas)  
**Cota** : 10 €

## GUÍAS DA CIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS (A)

25  
PRAZAS

**Destinatarios/as** : Maiores de 65 anos  
**Horario** : Luns, das 18:00 ás 19:30 horas  
**Duración** : Do 25 de outubro ao 30 de maio (37,5 horas)  
**Cota** : Gratuito

